

BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DE UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A PROVINCIAL DO CADRO DE PERSOAL DA SOCIEDADE PÚBLICA EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (SEAGA)

Acordo do 21 de xullo de 2017 polo que se resolve a cobertura de un posto de traballo de persoal laboral da sociedade e se aproban as bases de selección.

De conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia., co Decreto 260/2006, do 28 de decembro, polo que se crea a sociedade pública Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA) e se aproban os seus estatutos e coa Resolución do 5 de febreiro de 2013, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda pola que se ordena a publicación da modificación dos estatutos de SEAGA, o Consello de Administración desta empresa aproba a convocatoria para a provisión temporal de unha praza do seu cadro de persoal laboral de acordo coas seguintes:

BASES:

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

1. Esta convocatoria ten por obxecto a provisión temporal baixo os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, de un posto de Técnico/a Provincial do cadro de persoal de SEAGA.
2. O antedito persoal desempeñará as súas funcións na delegación da empresa na provincia de Pontevedra, baixo a dependencia da xerencia de SEAGA e terá como funcións principais as de dirección, seguemento e control de obras, coordinación de traballos e realización de informes e proxectos que demande a sociedade, ademais das que singularmente lle sexan encargadas pola dirección da empresa en relación coa súa categoría.
3. O procedemento de selección será o de concurso-oposición.
4. A persoa seleccionada será contratada para cubrir con carácter interino o posto de Técnico/a Provincial indicado no punto 1 anterior.

Segunda. Aspectos xerais

1. Lugar de información e recollida de solicitudes

Durante todo o proceso de selección, a información e recollida das solicitudes e instrucións correspondentes será facilitada no rexistro das oficinas de SEAGA:

- Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi. Nº 14, 15890 Santiago de Compostela – A Coruña.
- Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
- Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
- Lugar de Cabanas - Salcedo nº 54, 36143 Pontevedra.
- Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.

Horario: de 9 a 14 horas (de luns a venres), teléfono: 981546127 Información que estará tamén dispoñible na páxina web de SEAGA: www.epseaga.com.

2. Comisión de selección

Con motivo deste proceso constituirase unha comisión de selección que será nomeada pola Xerencia da Empresa Pública SEAGA á que lle serán de aplicación as instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección do 11 de abril de 2007 e o Acordo adoptado no Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

3. Documentos e reclamacións

Os aspirantes quedarán vinculados polos datos que declaren na súa solicitude. Considerarase como único domicilio para efectos de notificacións o consignado na súa solicitude. Non obstante calquera cambio que se produza nos datos declarados poderá ser comunicado á comisión de selección.

Calquera comunicación ou reclamación que se formule perante a comisión de selección deberá enviarse por correo certificado ou presentarse nas oficinas do rexistro de SEAGA, todo iso de acordo co disposto no punto 1 desta base. No caso de optar por correo certificado deberá remitirse fax o mesmo día da presentación ao número 881.997.334 que acredite a devandita presentación.

Terceira.- Requisitos para a admisión dos candidatos

Os aspirantes deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento en que se formalice o contrato os seguintes requisitos:

1. Nacionalidade:

1. Ser español ou nacional de calquera dos estados membros da Unión Europea, ou dalgún Estado que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

2. Ser cónxuxe, calquera que sexa a súa nacionalidade, de español ou nacional de calquera estado membro da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

3. Ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos puntos anteriores.

2. Idade:

Ter cumpridos dezaioito anos e non ter acadada a idade máxima de xubilación.

3. Titulación:

Estar en posesión ou en condición de obter o título académico de enxeñería agrónoma ou de montes ou enxeñería técnica agrícola ou forestal ou titulacións equivalentes, e Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais coas 3 especialidades (Seguridade, Hixienene e Ergonomía). No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión de documento que acredite de forma que dea fe a súa homologación.

4. Capacidade funcional.

Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, incompatible co desempeño das correspondentes funcións da categoría á que se opte.

Estar en condicións físicas e psíquicas de desenvolver as funcións propias do posto de traballo no momento da formalización do contrato e incorporación ao posto de traballo.

5. Habilitación:

Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo en SEAGA, ou de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios do Estado ou das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado, ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

6. Outros requisitos

PERMISO DE CONDUCIR: Estar en posesión do permiso de conducir tipo B ou equivalente.

COÑECEMENTO DO GALEGO: Con independencia dos requisitos relacionados anteriormente, os aspirantes acreditarán o coñecemento do idioma galego, sendo necesario estar en posesión do CELGA 4, do curso de perfeccionamento do idioma galego ou estudos equivalentes debidamente homologados polo órgano competente en materia de política lingüística. Para aqueles que de acordo co anterior non podan acreditar o seu coñecemento e accedan á fase de entrevista persoal, antes de realizala deberán superar unha proba de dominio do idioma galego.

Esta proba será realizada pola comisión de selección. O tempo máximo para a realización da mesma será de 15 minutos.

A proba de capacidade da lingua galega pretende diagnosticar o grao de competencia dos candidatos en función da súa competencia lingüística (comprensión auditiva e expresión oral) e comunicativa para desenvolverse no cumprimento do posto de traballo. Búscase que o candidato poida interactuar en galego, en situacións que se van dar frecuentemente no desenvolvemento do posto de traballo, que poida expresarse e entenderse clara e detalladamente, e que poida comunicar, de forma adecuada, consellos, opinións, desexos e necesidades.

A proba consistirá nunha conversa sobre diferentes temas na que se valorarán exclusivamente as destrezas lingüísticas do individuo, valorándose conxuntamente tanto a comprensión auditiva (se entende o que se lle di) como a expresión oral (como fala) dun xeito global.

Esta proba valorarase como apta ou non apta, correspondéndolle á comisión de selección determinar o nivel de coñecemento esixido para acadar o resultado de apto.

Cuarta.- Dereitos de exame

Co fin de facer fronte aos gastos de realización do presente proceso selectivo, os aspirantes ingresarán 16,98 euros en concepto de dereitos de exame na conta nº ES19 2080 5803 9731 1000 2066.

Estarán exentos do pagamento polo concepto de dereitos de exame os que posúan unha discapacidade igual ou superior ao 33%. Así mesmo, estarán exentas as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. No caso de membros de familias numerosas de categoría xeral, terán unha bonificación do

50%. Do mesmo xeito, estarán exentas as persoas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, polo menos, dun mes anterior á data desta convocatoria.

Serán requisitos para o gozo da exención que non rexeitasen oferta de emprego adecuada nin se negasen a participar, agás causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais e que, así mesmo, carezan de rendas superiores, en cómputo mensual, ao salario mínimo interprofesional.

O importe satisfeito en concepto de dereitos de exame devolveráselles, logo dos trámites correspondentes, aos aspirantes excluídos que o soliciten.

Quinta. Documentación que debe ser entregada

1. Quenes desexen participar nas probas selectivas de esta convocatoria cursarán solicitude utilizando o modelo que figura no anexo II de estas bases. Xunto coa solicitude, deberá ser entregada a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos na base terceira:

- a) Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento equivalente.
- b) Copia autenticada da titulación académica e da formación esixidas.
- c) Certificado médico ou informe de saúde que acredite o requisito ao que se refire o apartado 4 da base terceira anterior.
- d) Declaración xurada referente ao requisito do apartado 5 da base terceira anterior segundo o modelo do Anexo III.
- e) Fotocopia do permiso ou licenza de conducir tipo B ou equivalente.
- f) Xustificante emitido pola entidade bancaria que corresponda, orixinal ou fotocopia cotexada, de ter pagados os dereitos de exame. Para os efectos da exención, total ou parcial, prevista nestas bases, os aspirantes deberán presentar documentación acreditativa da dita circunstancia

2. Ademais deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) *Curriculum Vitae* xunto coa documentación orixinal ou fotocopia debidamente autenticada que acredite os méritos alegados. A omisión da documentación acreditativa de calquera mérito excluírá o mesmo da súa correspondente avaliación.
- b) Vida Laboral Actualizada
- c) Documentación acreditativa de títulos, diplomas e certificacións que poidan ser obxecto de valoración nos distintos apartados do concurso de méritos.
- d) Relación dos documentos presentados

3. Rexeitaranse todas aquelas instancias que non acheguen os documentos acreditativos dos requisitos esixidos para o acceso ao proceso de selección, e mais o aboamento dos dereitos de exame ou, se é o caso, do xustificante de exención. Non se admitirán copias simples para xustificar o cumprimento de requisitos ou acreditar méritos.

Sexta.- Prazo, forma e lugar de presentación das solicitudes.

1. As persoas interesadas deberán presentar a súa solicitude de participación, en instancia que figura no Anexo II desta convocatoria, no prazo de 10 días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación do anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia.
2. Só se admitirán aquelas solicitudes entregadas en dito prazo acompañadas do xustificante bancario de aboamento dos dereitos de exame, ou da documentación que xustifique a súa redución ou exención de acordo co establecido no punto terceiro desta convocatoria, sendo excluídas todas aquelas que non cumpran este requisito. En ningún caso a presentación do xustificante de pagamento dos dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

3. A solicitude dirixirase ao Director Xerente de SEAGA poderá presentarse no rexistro de SEAGA de luns a venres en horario de 9 a 14 horas:

- Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi. Nº 14, 15890 Santiago de Compostela – A Coruña.
- Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
- Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C; Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
- Lugar de Cabanas - Salcedo nº 54, 36143 Pontevedra.
- Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.

Tamén está permitida a presentación nas oficinas do Organismo Estatal de Correos mediante correo certificado con aviso de recepción (debendo neste caso, no mesmo día de presentación da solicitude, remitir por fax, ao número 881.997.334, a acreditación da devandita presentación).

A solicitude irá acompañada da documentación relacionada na base quinta.

Sétima.-Listado de candidatos admitidos e excluídos.

1. Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión de Selección aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, que se publicará de acordo co previsto no punto 1 da base segunda desta convocatoria.

2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación das listas provisionais, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a súa exclusión. De non haber reclamacións, a lista provisional enténdese aprobada definitivamente.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das peticións de correccións entenderase implícita na lista definitiva de admitidos e excluídos.

3. A lista definitiva de admitidos e excluídos será publicada pola Comisión de Selección de acordo co previsto no punto 1 da base segunda desta convocatoria.

4. O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos.

Oitava.-Proceso de selección.

O proceso de selección dos candidatos constará de tres fases: proba de coñecementos, valoración de méritos e entrevista persoal.

1. Proba de Coñecementos

Esta proba terá carácter eliminatorio e versará sobre os coñecementos do temario da praza convocada.

Consistirá en responder por escrito, a un cuestionario tipo test de 60 preguntas máis 5 de reserva nun tempo máximo de 90 minutos, sobre os contidos do programa recollidos no anexo I. Cada resposta correcta valórase con 1 punto, penalizándose con 0,25 cada resposta errónea. As respostas en branco non puntúan nin penalizan. A proba calificarase de 0 a 60 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 30 puntos para superar esta fase.

A plantilla de resultados publicárase na web de SEAGA e o aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles para posibles reclamacións contra a mesma por parte dos aspirantes.

Transcurrido dito prazo, os resultados da proba publicáranse de acordo co previsto no punto 1 da base segunda desta convocatoria e os aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación para poder realizar as alegacións que estimen oportunas.

2. Valoración de méritos:

2.1. A comisión de selección avaliará os méritos que acrediten debidamente os aspirantes que superasen a proba de coñecementos.

Non se valorarán os méritos que non fosen suficientemente acreditados documentalmente, nin os presentados fóra do prazo establecido para a presentación de solicitudes.

Os méritos enumerados deberán referirse á data de publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

Poderase acadar unha puntuación máxima nesta fase de 30 puntos.

2.2. Esta fase consistirá na valoración aos aspirantes dos seguintes méritos:

2.2.a) - Experiencia profesional de máis de 5 anos en postos de traballo onde se realizaran funcións semellantes ás do posto convocado, ata 20 puntos como máximo e do seguinte xeito:

- Polos servizos prestados na Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, na Xunta de Galicia ou en entidades e empresas públicas vencelladas a ela; relacionadas coas funcións dos postos aos que se opta: 0,8 puntos por mes traballado a partir do quinto ano.
- Polos servizos prestados en outras Administracións Públicas ou en outras empresas públicas ou privadas na mesma ou análoga categoría profesional á que se opta: 0,6 puntos por mes traballado a partir do quinto ano.

Un mesmo período laboral non poderá computar en máis dun dos apartados anteriores.

No *Currículum Vitae* que se presente xunto coa solicitude deberán ir debidamente relacionados os períodos de contratación, sinalando de xeito claro as datas de inicio e de remate dos contratos, así como as tarefas desenvoltas.

A experiencia profesional só se avaliará como mérito cando o candidato acredite máis de 5 anos no desempeño de postos semellantes.

2.2.b) Formación complementaria.

Cursos ou másters de formación e/ou perfeccionamento no eido agrario e do medio rural e ambiental :impartidos polas Administracións públicas, Universidades ou organismos competentes na materia, ata 2,5 puntos.

Cursos ou másters de formación e/ou perfeccionamento no ámbito da xestión de empresas impartidos polas Administracións públicas, Universidades ou organismos competentes na materia, ata 2,5 puntos.

Cursos ou másters de formación e/ou perfeccionamento en sistemas de xestión, calidade e medio ambiente., ata 2,5 puntos

Cursos ou másters de formación e/ou perfeccionamento en sistemas de información xeográfica, cartografía e topografía, ata 2,5 puntos.

A puntuación máxima obtida por cursos de formación específicos nas materias relacionadas será de 10 puntos de acordo coa seguinte escala.

De 50 a 100 horas de duración: 1 punto
De 101 a 300 horas de duración: 1,5 puntos
De máis de 300 horas de duración: 2,5 puntos

Unha vez rematado o proceso de avaliación dos méritos alegados polos solicitantes, publicaranse os resultados de acordo co previsto no punto 1 da base segunda desta convocatoria e os aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación para poder realizar as alegacións que estimen oportunas. No caso de non presentarse alegación ningunha a avaliación adquirirá carácter definitivo.

3. Entrevista persoal.

Corresponderalle á Comisión establecer o número de aspirantes que acceden á entrevista. A entrevista versará sobre aspectos do seu currículo académico e profesional, coñecemento e experiencia, dispoñibilidade e aptitude do aspirante en relación coas funcións dos postos de traballo. A duración máxima da entrevista será de vinte minutos. O seu resultado puntuarase cun máximo de 10 puntos. No caso daqueles aspirantes que non tivesen acreditado o coñecemento do idioma galego, farase con anterioridade á entrevista, no mesmo día, a proba correspondente. Corresponderalle á Comisión de Selección establecer o nivel mínimo esixible para superar a proba.

Novena.- Proposta de nomeamento e contratación laboral.

Rematado o proceso, a comisión de selección fará pública a puntuación total obtida polos aspirantes que superaron o proceso de selección, en forma de lista ordenada de maior a menor puntuación e os aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles para presentar a oportuna reclamación.

Transcorrido dito prazo, a comisión de selección proporalle ao presidente do Consello de Administración de SEAGA, para a súa contratación en réxime de persoal laboral temporal a do aspirante que obteña maior puntuación, formalizándose o correspondente contrato, logo da acreditación dos requisitos a que se refiren as presentes bases. A devandita proposta publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web de SEAGA.

Décima.- Elaboración de listas

Seguindo a orde de puntuación obtida neste proceso elaborárase unha lista cos aspirantes non seleccionados que será utilizada para a cobertura temporal de postos da categoría de Técnico/a nos que se requira a titulación de enxeñería agrónoma ou de montes ou enxeñería técnica agrícola ou forestal.

Esta lista estará vixente en tanto non sexa substituída polas listas específicas que se elaboren de acordo co establecido nas bases xerais.

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2017



Asdo: Pablo Arbones Maciñeira